

Obxectivos:

O día 10 de decembro de 2015 entra en vigor no ámbito de aplicación das comunidades autónomas e das entidades locais a Lei 19/2013, do 9 de decembro, sobre transparencia, acceso á información pública e bo goberno. A lei supón un importante xiro no actuar das administracións públicas. O curso pretende ofrecer unha explicación teórico-práctica da aplicación da normativa sobre transparencia polas administracións públicas. Perséguese que as persoas asistentes coñezan polo miúdo as disposicións sobre transparencia activa e pasiva para que poidan aplicalas nas administracións públicas das cales son empregados públicos. Para iso é preciso coñecer os dereitos dos cidadáns, as obrigas das administracións públicas e, así mesmo, os procedementos de actuación. De aí que se van expoñer os problemas prácticos que a Lei 19/2013 suscita, dando solucións tanto desde a vertente procedemental, como de recursos humanos e de utilización da Administración electrónica.

Destinatarios:

Empregados das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica coma local e de xustiza, das universidades do Sistema universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 221, do 19 de novembro de 2015.

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
R/ Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Tel.: 981 546 239/ 981 546 241/ novas.egap@xunta.es / <http://egap.xunta.es>

Dirección académica:

Martín María Razquin Lizarraga. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Pública de Navarra.
Sonia Rodríguez-Campos. Directora da EGAP.



XUNTA
DE GALICIA



galicia

EGAP

ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

CURSO MONOGRÁFICO

A POSTA EN MARCHA DA TRANSPARENCIA ACTIVA E PASIVA

Santiago de Compostela, 10 e 11 de decembro de 2015



PROGRAMA

Xoves, 10 de decembro

Mañá

- 10:00 h. Inauguración.
- 10:15 h. **A transparencia, valor da Administración.**
M.ª Esther Arizmendi Gutiérrez. Presidenta do Consello de Transparencia e Bo Goberno.
- 11:30 h. Pausa-café.
- 12:00 h. **O dereito de acceso: principios e límites.**
Martín María Razquin Lizarraga. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Pública de Navarra.
- 13:15 h. **O procedemento de acceso: diagramas e exemplos prácticos.**
Martín María Razquin Lizarraga. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Pública de Navarra.
- 14:20 h. Pausa-comida

Tarde

- 16:30 h. **A publicidade activa: principios e suxeitos.**
Severiano Fernández Ramos. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Cádiz.
- 17:45 h. **O contido da publicidade activa.**
Severiano Fernández Ramos. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Cádiz.

NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola.

Venres, 11 de decembro

Mañá

- 09:00 h. **O control das obrigas de transparencia: órganos de control, infraccións e sancións.**
Marcos Almeida Cerredá. Profesor contratado doutor da Universidade de Santiago de Compostela.
- 10:15 h. **A Administración electrónica, soporte da transparencia.**
Victor Almonacid Lamelas. Secretario Xeral do Excmo. Concello de Alzira e Director do Observatorio de Administración electrónica e Transparencia.
- 11:30 h. Pausa-café
- 12:00 h. **Transparencia: impactos organizativos da transparencia nas administracións públicas.**
Rafael Jiménez Asensio. Catedrático (acreditado) de Dereito Constitucional e consultor externo.
- 13:15 h. **Transparencia: e agora que?**
Rafael Jiménez Asensio. Catedrático (acreditado) de Dereito Constitucional e consultor externo.
- 14:30 h. Clausura

